

## DISCURSO DO PRESIDENTE DA XUNTA NA TOMA POSESIÓN DOS CONSELLEIROS

Quero que este acto de presentación do novo Goberno da Xunta non sirva somentes para dar a coñecer as persoas que o compoñen, senon tamén a filosofía que o inspira. **Porque un Goberno é un equipo que xoga en equipo, que interpreta a mesma partitura, e que responde a un mesmo mandato electoral.**

**Hoxe presentámoslle ao pobo galego a tripulación do seu barco.** Galicia é un navío no que viaxa o noso pobo, dirixido por tripulantes que siguen o rumbo marcado pola vontade popular.

Pero a analogía mariñeira non estaría completa se non admitíramos que o noso mar non está calmo. Navegamos en medio da tormenta.

Esa unidade fonda en quenes exercen o goberno é, polo tanto, mais urxente que nunca. I ese íntimo vencello entre tripulación e pasaxe, resulta fundamental para que a travesía teña unha boa arribada.

**¿Cómo se elixiu esa tripulación? Buscando aos millores, aos mais entregados, aos que teñen demostrado, en diferentes actividades profesionais ou políticas, que saben traballar en equipo.**

Aquí ninguén atopará cuotas nin de tipo persoal, porque a elección está fundamentada na capacidade; nin de tipo territorial, porque Galicia é única. Tampouco existen coalicións entre diferentes ideas sobre o noso país, porque todos comparten a mesma paixón pola nosa terra.

Ningunha das consellerías é un premio; serán os galegos quenes premien ou desapoben no seu día o labor desenvolvido por cada un dos membros da Xunta.

E o goberno non será un campo de batalla de políticas contrapostas. **Nos tempos de dificultades que nos toca vivir, os gobernantes non poden malversar as suas enerxías en nada que non sexa a función que se lle teña asignado.** Nos nos somos infalibles. Nos equivocaremos. Teremos que rectificar. Sen embargo saberemos sempre que os grandes protagonistas desta difícil sigladura, son os cidadáns e os seus problemas.

Nesa filosofía de goberno que hoxe lles expoño, non ten cabida ningún tipo de despotismo, nin ilustrado nin falto de ilustración. Para mín, para nós, segue vixente a fermosa frase que serviu de credo aos país da democracia americana: un Goberno do pobo e para o pobo. **Unha Galicia dos galegos e para os galegos.**

Este é, en efecto, un día oportuno para suliñar que entendemos a Xunta como un equipo ben artellado. Tamén para ratificar compromisos que xa empezamos a cumprir. Compromisos avalados polos cidadáns coa súa participación histórica nas eleccións.

**A campaña electoral é o tempo do “dito”; gobernar, desde o primeiro día, debe ser o tempo do “feito”.**

**Compromisos no referido aos nomeamentos;** como o de que non habería prexuízos políticos para formar o Goberno. Que non pediría ningún tipo de afiliación política para completar este equipo. Un partido político e un Goberno deben responder sempre ante os cidadáns, pero son cousas distintas.

**Ou compromisos no referido á estrutura de Goberno,** que xa parte do cumprimento de non sobrepasar o número de Consellerías en dez: ligar o medio ambiente ao territorio; crear unha Consellería do Mar; manter a Consellería de Emprego; poñer en valor os orzamentos autonómicos, creándose unha Consellería específica para elo; ou dotar á política económica de maior marxe de manobra, coa fusión de Industria con competencias económicas.

Así mesmo, avanzamos no cumprimento de tres **compromisos ratificados na propia sesión de investidura.**

- Compromiso coa verdade.**
- Compromiso coa austeridade.**
- Compromiso coa cooperación institucional.**

**Gobernar non é adular.** Gobernar non é ver na sociedade unha inmensa gardería chea de cidadáns incapaces de comprender as dificultades. Este equipo vai basear a súa acción de goberno na **corresponsabilidade colectiva.** Farémolo así porque ésa é a nosa misión, e porque formamos parte dun pobo maduro e sabio. Sen poñer a verdade por diante, non seremos capaces de aunar esforzos nin de pedirlos á nosa xente.

Por eso pido e pedirei aos novos conselleiros que traten ao país coa sinceridade que merece, seguindo as pautas marcadas no discurso de investidura.

Prometimos nas eleccións, e volvimos a prometer no Parlamento de Galicia, que **a administración daría exemplo de austeridade.** Veleiquí un paso necesario e importante, aínda que non suficiente. A estrutura central da Xunta reduce o número de departamentos, sen que iso supoña postergar ou minusvalorar a ningún sector, nin parcela de goberno. Demostramos así que

o obxectivo que nos marcamos non era ilusorio nin demagórico, e servimos de exemplo a outras administracións que aínda manteñen organigramas pouco axeitados para tempos de crise.

**Gobernar tamén é cooperar.** Galicia ten e terá intereses permanentes que han ser defendidos en todo tipo de institucións e con diferentes interlocutores, sen distinción de sigla ou ideoloxía. O noso país non depositou a confianza no Partido Popular de Galicia para ter un Goberno guiado por amizades ou enemizades exclusivamente partidistas; **o noso país cre en nós porque nos sabe capaces de superar barreiras partidarias cando os problemas e as solucións o esixen.**

Entre eses problemas i esas solucións, quero referirme especialmente á financiación autonómica, esencial para afrontar os enormes desafíos económicos e sociais. Estou convencido de que será posible un acordo entre as forzas políticas galegas, e un acordo tamén con todas as comunidades autónomas e o Goberno da nación, se sempre nos guía a solidariedade e o beneficio colectivo.

Para formar este Goberno, **pregunteilles a estas mulleres e homes se querían entregar todo polo seu país; me dixeron que sí.**

**Pregunteilles si traían ideas e ilusións novas; contestaron afirmativamente.**

**Pregunteilles se querían formar parte dun equipo unido, sen fisuras nen persoalismos, coaligado somentes coa cidadanía. Sí; me dixeron.**

Por eso están aquí, e por eso me sinto orgulloso de encabezar un grupo de galegos capaces, eficaces e comprometidos para conformar un Goberno de dez Consellerías que deberá funcionar como unha soa persoa e que, ante os retos que temos por diante, deberá responder como un **“Goberno dez”**.